



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Anuncio

A Xunta de Goberno desta Deputación acordou, na sesión que tivo lugar o día 6 de xullo de 2012, aproba-las seguintes:

Bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2012

Para cumpri-lo devandito acordo, publícase, deseguido, o texto íntegro das mencionadas bases:

Primeira.- Obxecto

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión de subvencións, por parte da Deputación Provincial de Ourense, destinadas a clubs deportivos da provincia de Ourense, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva, coa finalidade de financiar parcialmente os gastos derivados da súa participación na competición deportiva durante a presente temporada 2011-2012.

Segunda.- Beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases os clubs deportivos que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar inscritos nos rexistros deportivos correspondentes da Xunta de Galicia.

b) Te-lo seu domicilio social na provincia de Ourense, circunstancia que deberá constar na inscrición no rexistro deportivo oficial da Xunta de Galicia.

c) Participar, na temporada 2011/2012 en competicións oficiais, calquera que sexa o seu ámbito, convocadas polas súas respectivas federacións.

d) Posuír, polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría sénior ou absoluta. Para os clubs que compitan en disciplinas individuais establécese como requisito básico posuír un mínimo de cinco licenzas federativas de deportistas de base en competición.

2. Non poderán ser beneficiarios os clubs que só participen en ligas ou competicións locais, comarcais, exclusivamente no deporte escolar, ligas de empresas ou aqueles constituídos como sociedades anónimas deportivas.

Terceira.-Disponibilidades orzamentarias

Para as subvencións incluídas nesta convocatoria resérvase crédito na aplicación 341.11/482.01 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2012, conforme á modificación de créditos n.º 3/2012, aprobada inicialmente por acordo do Pleno do 29 de xuño, por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 ?), quedando condicionada a convocatoria á súa aprobación definitiva.

Cuarta.- Contía máxima das subvencións

As subvencións terán unha contía máxima de 10.000,00 euros por cada beneficiario.

Quinta.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación

1. As solicitudes, subscritas polo representante legal da entidade interesada, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a presentación no Rexistro Xeral desta entidade ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo improrrogable de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

3. As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

a) Documentación administrativa:

1.- Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

2.- Copia cotexada do CIF do club.

3.- Copia cotexada do DNI do representante do club.

4.- Certificado de inscrición no correspondente rexistro deportivo da Xunta de Galicia, no que conste o domicilio social do club ou documento acreditativo análogo expedido pola delegación ou xefatura territorial competente.

5.- Estatutos sociais do club.

6.- Poder co que actúe o representante do club, agás que a dita función lle corresponda conforme ós estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación acreditarase mediante documento probado do seu nomeamento ou elección.

7.- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse a entidade ó día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II das presentes bases.

8.- Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

9.- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación, de se-lo caso, de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, así como do aviso da publicación do acordo de resolución do concurso, segundo o modelo anexo IV.

A presentación do documento sinalado no apartado 9 non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ó interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude e ó acordo de resolución do concurso, publicándose a información correspondente exclusivamente a través da páxina web e do taboleiro de anuncios da Deputación, conforme co sinalado nas bases 7ª e 11ª, respectivamente.

Os solicitantes estarán eximidos de presenta-los documentos sinalados nos apartados 2, 3, 4, 5 e 6 cando estes documentos xa obrasen en poder da Deputación, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presenta-lo novo documento que substitúa ó anterior. Para estes efectos, os solicitantes deberán facer constar na súa solicitude que se acollen expresamente a este dereito, mediante o modelo oficial que figura no anexo V. Este modelo deberá ser cuberto correctamente para producir efectos. En caso contrario, de presentarse incompleto este documento, non se terá en conta.

Non obstante o anterior, no suposto de imposibilidade material para a obtención do documento por parte da Deputación Provincial, poderá requirirse ó solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos ós que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

b) Documentación obrigatoria para a valoración da solicitude:

1. Ficha de avaliación do rendemento deportivo da entidade, segundo o modelo recollido no anexo VI destas bases.

2. Ficha de avaliación da incidencia social da actividade deportiva da entidade, segundo o modelo recollido no anexo VII destas bases (unha ficha por cada disciplina ou modalidade deportiva, no caso de desenvolverse máis dunha). A esta ficha



unirse documento acreditativo da data de constitución da entidade.

3. Ficha de avaliación da situación económica da entidade e custos da actividade, segundo o modelo recollido no anexo VIII destas bases, incluíndo, dunha parte, os datos da liquidación oficial do exercicio económico de 2011 que recolla con exactitude o resultado das operacións realizadas e que reflecta a imaxe fiel da súa actividade económica, e doutra parte, o orzamento desta temporada 2011/2012. O anexo VIII deberá ir asinado, en tódalas súas follas, polo presidente e o tesoureiro do club solicitante.

4. Ficha de avaliación do nivel da competición (unha ficha por cada modalidade deportiva, se é o caso) segundo o modelo recollido no anexo IX destas bases. A esta ficha unirse calendario ou calendarios da competición da temporada 2011/2012.

5. Certificado do número de licenzas expedido pola federación galega da disciplina deportiva correspondente, acreditativo do número de licenzas federadas por categorías do club solicitante na temporada 2011/2012, así como do número de licenzas da modalidade deportiva na provincia de Ourense e no conxunto da comunidade autónoma na mesma temporada, segundo o modelo recollido no anexo X.

6.- Certificado expedido polo secretario da entidade solicitante, indicando o número de socios dados de alta e de baixa na temporada 2010/2011 e no tempo transcorrido da temporada 2011/2012 ata a data de presentación da solicitude, así como o número total de socios da entidade e o importe das súas cotas, referido igualmente á data de presentación da solicitude.

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión das subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só será de aplicación á documentación administrativa.

Sexta.- Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables os gastos derivados da participación do club en competición deportiva oficial durante a temporada 2011-2012, sempre que se atopen incluídos nos supostos definidos polo artigo 31 da Lei xeral de subvencións.

Sétima.- Procedemento de concesión

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitíranse ó Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para emenda-las deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

Para a achega desta documentación, poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo XI destas bases.

Ó abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o requirimento para emenda-las ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios da Deputación Provincial e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace servizos online, enlace subvencións, enlace concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2012. No caso de non presentala autorización para realiza-las comunicacións previstas na base 5ª, apartado 3 a), punto 9, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose

unicamente, e en todo caso, por edicto no taboleiro de anuncios e na antedita páxina web.

Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, o expediente pasará á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme ás regras seguintes:

a) Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de inadmisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ó resto de entidades, proporase á súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

Oitava.- Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o presidente da Deputación Provincial ou deputado en quen delegue.

- Vogais:

- O secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.

- A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.

- O xefe do Servizo de Deportes, ou funcionario que legalmente o substitúa.

- A xefa da Sección de Subvencións, ou funcionario que legalmente a substitúa.

Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións, coas funcións propias dunha secretaria de actas, sen prexuízo da súa condición de vogal.

Sé é caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia deportiva, que actuarán como asesores da comisión.

Novena.- Criterios de valoración para a concesión das subvencións

1. Para efectuar a valoración teranse en conta as seguintes regras:

a) Non serán obxecto de valoración, e, polo tanto, denegarase a concesión da subvención, a aquelas solicitudes nas que non se achegue completa a documentación indicada na base 5ª, apartado 3 b), relativa á documentación obrigatoria para a valoración da solicitude.

Nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos ou padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a aplicación dos correspondentes criterios de valoración, asignarase unha valoración de cero puntos nos criterios afectados.

No suposto en que os documentos conteñan discrepancias ou incongruencias nos datos presentados, para a valoración tomárase en consideración exclusivamente os datos de menor incidencia en aplicación dos criterios de valoración afectados.

b) A Comisión de Valoración poderá, cando o considere oportuno, solicitar de oficio a información necesaria para verificar os documentos presentados polo solicitante para a valoración da súa solicitude ós que fai referencia a base 5ª, apartado 3 b).

c) Así mesmo, a Comisión de Valoración, en atención ó número de solicitudes presentadas, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións.

d) Con independencia da súa valoración, en ningún caso se concederán subvencións por importe superior á contía pedida na solicitude.

2. As solicitudes admitidas a trámite avalíaranse segundo os tres indicadores xerais seguintes:

a) Rendemento deportivo: ata 20 puntos.



b) Incidencia social e situación económica da entidade: ata 235 puntos.

c) Nivel da competición: ata 60 puntos.

a) Rendemento deportivo: este indicador avaliará os resultados segundo o nivel da competición nos deportes de equipo, e a posición no “ranking” nacional por categorías nos deportes individuais, asignándose as puntuacións de xeito ponderado, ata os máximos indicados en cada caso:

a.1) Para deportes de equipo: valoraranse os resultados deportivos máis significativos, nas últimas tres temporadas e nas diferentes categorías, dándolles maior puntuación ás entidades nas que se constate un ascenso ou evolución ascendente. (Ata 20 puntos)

a.2) Para deportes individuais: valoraranse os resultados máis significativos nas últimas tres temporadas dos seus deportistas, dándolles maior puntuación a aqueles nos que se constate un ascenso ou progresión ascendente (Ata 20 puntos).

b) Incidencia social e situación económica: este indicador avaliará a incidencia social da actividade da entidade, a partir de indicios obxectivos desa incidencia, como o número de equipos con actividade, número de licenzas, masa social, apoio ó deporte de formación, feminino e de discapacitados, orzamentos e cadro de técnicos; igualmente, valorarase a situación económica do club, tendo conta a racionalidade económica da xestión e o esforzo económico realizado para o desenvolvemento da súa actividade.

b.1- Número total de licenzas federadas en competición da entidade, dando maior puntuación canto maior sexa o número de licenzas. (Ata 20 puntos)

b.2- Número total de licenzas na provincia da súa disciplina deportiva: este apartado valorarase como mecanismo corrector para potencia-los deportes minoritarios, dándolles maior puntuación a aquelas disciplinas que posúan menos licenzas. (Ata 10 puntos)

b.3- Número de equipos e deportistas en categoría feminina, dándolles maior puntuación ós que teñan maior número de equipos ou de deportistas, segundo se trate de deportes de equipo ou individuais. (Ata 20 puntos)

b.4- Clubs que manteñan algunha iniciativa deportiva con persoas discapacitadas, ben sexa porque son entidades de disciplinas con discapacitados ou, sen que o sexan, manteñan algunha forma de participación na integración deste colectivo, dándolles maior puntuación ós clubs que, cualitativa e cuantitativamente, realicen un maior esforzo a prol da práctica deportiva deste colectivo. (Ata 20 puntos)

b.5- Número de equipos e categorías do club con especial referencia ós de categorías de base (inferior a sénior ou absoluta) para valora-la súa estrutura de club de formación, dando maior puntuación cantos máis equipos de base posúa e canto máis cubertas estean tódalas categorías. (Ata 30 puntos)

b.6- Entidades con dúas ou máis disciplinas ou modalidades deportivas, para reconece-lo esforzo por diversifica-la oferta deportiva, primando os que posúan máis equipos. (Ata 10 puntos)

b.7- Cualificación do cadro técnico do club, dando maior puntuación pola maior cualificación técnica. (Ata 10 puntos)

b.8- Antigüidade da entidade primando a aqueles clubs con máis anos de participación en competición deportiva. (Ata 5 puntos)

b.9- Consideración da singular importancia dun club no fomento, desenvolvemento e influencia da práctica deportiva nunha comarca, municipio ou barrio concreto: valorarase a singular importancia que un club poida ter na realidade da práctica deportiva nun ámbito territorial específico, primando a aqueles que posúan unha especial significación social por cons-

tituí-la única ou principal canle para a práctica dunha determinada disciplina deportiva nunha concreta zona do territorio. (Ata 30 puntos)

b.10- Gastos de quilometraxe do club por temporada deportiva, en competicións oficiais, por constituír un dos indicativos máis relevantes da programación dun club e un dos custos máis significativos nos seus orzamentos, dando maior puntuación canto maiores sexan os gastos. (Ata 40 puntos)

b.11- Xestión económica da entidade solicitante: valorarase a racionalidade e eficiencia da xestión económica do club, resultante do exame dos seus orzamentos para a temporada 2011-2012 e da liquidación do exercicio económico de 2011, tendo en conta o esforzo económico realizado, entendéndose como tal, a maior consecución de recursos non públicos (tales como cotas de socios ou patrocinios privados). (Ata 40 puntos)

c) Nivel da competición: este indicador avaliará o ámbito xeográfico da competición e a categoría na que participe o club, dando maior puntuación canto máis importante sexa a competición. (Ata 40 puntos)

No caso de que un club teña máis dun equipo en categoría diferente, poderáselle outorgar unha puntuación adicional de ata 20 puntos.

2. Coñecidas as puntuacións resultantes, procederase a clasificar-las entidades admitidas e baremadas en catro grandes grupos, en función da incidencia recíproca que teñen entre si os tres indicadores xerais:

- Grupo I de competición nacional. Neste grupo deberán integrarse aqueles clubs que participan nun ámbito xeográfico que estende a maior parte da competición durante a temporada a toda España.

- Grupo II de competición autonómica-nacional, mixto. Os clubs que realizan a súa competición compartida entre a Comunidade Autónoma e o resto do Estado deberán ter acollida neste grupo.

- Grupo III de competición autonómica. Os que soamente desenvolven a súa actividade competitiva no marco da Comunidade Autónoma.

- Grupo IV de competición provincial e base. Neste grupo intégranse as entidades deportivas con ámbito xeográfico de competición soamente provincial e os que teñan a consideración de clubs de base.

Décima.- Resolución

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo de tres meses dende o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de se-lo caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falta de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tralos informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme á proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garanti-lo cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

No caso de que as subvencións concedidas teñan un importe inferior ó solicitado polos beneficiarios, estes poderán rexeitala subvención no prazo de quince días dende a publicación do acordo de concesión. En caso de que non comuniquen de xeito



expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida. O incumprimento da obriga de comunica-la renuncia á subvención, se é o caso, poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen solicitantes que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ó esgotamento do crédito dispoñible, coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acorda-la concesión da subvención que proceda ó seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Undécima.- Publicidade da concesión

Ó abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada ós afectados, senón que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da Deputación Provincial e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace servizos on-line, enlace subvencións, enlace concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2012.

Sen prexuízo do anterior, ós solicitantes que presenten a autorización para realiza-las comunicacións previstas na base 5ª, apartado 3 a), punto 9, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución no taboleiro de edictos da Deputación Provincial e na páxina web <http://www.depourense.es>. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décimo segunda.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ó carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ó feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade ou, de se-lo caso, na páxina web do club deportivo.

Non obstante, e tendo en conta a data da convocatoria deste concurso e que moitas das competicións xa se realizaron, cando non sexa posible a adopción de tódalas medidas de difusión indicadas no parágrafo anterior, será suficiente con que o beneficiario publique o financiamento da subvención por parte desta entidade na correspondente páxina web do club; así mesmo, cando tampouco sexa posible a adopción desta medida de publicidade por non ter páxina web, o club beneficiario deberá indicar por escrito esta circunstancia, e solicita-la exención da obriga de difusión. A solicitude de exención deberá formularse antes do remate do prazo de xustificación da subvención, e será resolta pola Presidencia da Deputación, previas as comprobacións oportunas, e, en caso de ser denegada, especificará as medidas de difusión que deben adoptarse, fixando un prazo para levalas a efecto.

En todo caso, a Deputación Provincial comprobará a adopción das medidas de difusión adoptadas por cada club en cada suposto concreto.

En caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordena-la adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Décimo terceira.- Xustificación e pago da subvención

A subvención xustificárase mediante a presentación dos seguintes documentos:

a) Conta xustificativa, segundo establece o artigo 75.2 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, integrada polos seguintes documentos:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de aboamento. De se-lo caso, indícanse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude.

- Detalle doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

- Orixinais ou copias cotexadas das facturas xustificativas dos gastos. O cotexo será realizado exclusivamente por funcionarios da Sección de Subvencións da Deputación de Ourense, e no mesmo acto selaranse os orixinais co seguinte texto: "esta factura foi entregada para a xustificación da subvención XXX".

- Certificación da conta bancaria da entidade expedida polo banco ou caixa correspondente.

A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade.

b) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais), agás no caso de exención de dita obriga conforme ó previsto na base 12ª.

Sen prexuízo do anterior, a solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto.

A xustificación deberá realizarse ante a Deputación antes do 30 de novembro de 2012. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicita-la oportuna prórroga antes do 30 de novembro. As prórrogas poderán amplia-lo prazo de presentación da documentación, como máximo, ata o 31 de decembro de 2012. Non se concederá ningunha prórroga cando sexa solicitada con posterioridade ó 30 de novembro de 2012.

A Xunta de Goberno declarará a perda do dereito ás subvencións non xustificadas en prazo, total ou parcialmente, segundo proceda.

O pago realizarase unha vez xustificada de modo completo a subvención concedida, mediante transferencia á conta corrente sinalada pola entidade local beneficiaria.



Décimo cuarta.- Obrigas dos beneficiarios

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán tódalas obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.

Décimo quinta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas

As subvencións concedidas ó abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do Inorde para os mesmos gastos, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

En consecuencia, estas subvencións son incompatibles con calquera outra concedida pola Deputación Provincial de Ourense ou polo Inorde para a mesma finalidade, con independencia da súa contía e procedemento de concesión.

Décimo sexta.- Reintegro e perda do dereito á subvención

A Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda da subvención poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro ou a perda da subvención incluírán sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Nos supostos nos que da conta xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por importe superior ó 100% do seu custo, a Deputación Provincial reducirá proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou declaración da perda do dereito á subvención, concederáselle ó interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propo-las probas e realiza-las alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Xunta de Goberno ditará a resolución que corresponda.

Décimo sétima.- Normativa supletoria

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ó seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á Administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Contra este acordo pode interporse, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ó contencioso-administrativo, ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan simultanear ámbolos dous recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP.

Non obstante o anterior, poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime pertinente.

Ourense, 6 de xullo de 2012. O presidente.

Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.

**ANEXO I****SOLICITUDE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS ANO 2012**

Don/Dona _____, con DNI n.º _____, con enderezo na rúa _____, de _____, código postal _____, con teléfono móbil _____, fixo _____, enderezo electrónico _____, como presidente/a do club deportivo _____, con domicilio na rúa _____, de _____, código postal _____, con teléfono n.º _____, con CIF _____, inscrito no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia co número _____

EXPÓN:

Que a entidade que representa cumpre os requisitos esixidos na convocatoria de subvencións do ano 2012 para clubs deportivos, que participen en competicións oficiais.

Que asume tódolos compromisos reflectidos na devandita convocatoria e acompaña a documentación esixida nesta.

SOLICITA:

Unha subvención total de _____ euros para a participación nas competicións que se indican nos anexos correspondentes.

Ourense, ____ de _____ de 2012

(Selo do club)

(Sinatura)

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

ANEXO II DECLARACIÓN

Don/Dona _____, con DNI n.º
_____, en representación de _____,

DECLARO:

- Non atoparme incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade ós que se refire o artigo 13.2 d) da Lei xeral de subvencións.
- Que a entidade ou organismo ó que represento non se atopa incurso/o en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións da Deputación Provincial de Ourense ás que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións.
- Que a entidade ou organismo ó que represento está ó día nas súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e coa Seguridade Social.

E para que conste, para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración en Ourense, o _____ de _____ de 2012.

Asdo.: _____

**ANEXO III****DECLARACIÓN**

Don/Dona _____, con DNI n.º _____, DECLARA que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para o mesmo fin:

Organismo ou entidade ó que solicita	Data solicitude	Concesión (1)	Contía

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase pendente na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.

🍏 Non ter solicitada nin, en consecuencia, ter concedida ningunha axuda para o mesmo fin, sexa pública ou privada.

Ourense, _____ de _____ de 2012

Asdo.: _____

**ANEXO IV****AUTORIZACIÓN**

Don/Dona _____, titular do DNI/NIE n.º

AUTORIZO

Á Deputación Provincial de Ourense a facerme as comunicacións para recibir, a través do correo electrónico e/ou sms, indicados na solicitude, a comunicación, de se-lo caso, de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, así como do aviso da publicación do acordo de resolución do concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2012.

Ourense, _____ de _____ de 2012

Asdo.: _____

**ANEXO V**

Don/Dona _____, con
DNI _____, en nome e representación da entidade
_____, en relación coa documentación
administrativa da solicitude de subvencións a clubs deportivos 2012, fago constar:

1º) Que os seguintes documentos xa obran en poder desa Deputación, ó ter sido presentados en procedementos anteriores (sinale cun X os documentos de que se trate, dos que figuran a continuación):

- Fotocopia cotexada do CIF da entidade.
- Fotocopia cotexada do DNI do representante do club.
- Certificado de inscrición no correspondente rexistro deportivo da Xunta de Galicia, no que conste o domicilio social da entidade ou documento acreditativo análogo expedido pola delegación provincial competente.
- Estatutos sociais da entidade.
- Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme ós estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación acreditárase mediante documento probado do seu nomeamento ou elección.

2º) Que o contido dos ditos documentos conserva a súa plena validez, ó non seren modificados con posterioridade á data da súa emisión nin se modificaren as circunstancias de feito ou de dereito que neles se reflicten.

3º) Que, polo exposto, se acolle ó dereito recoñecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a non presenta-los ditos documentos nesta convocatoria.

Ourense, _____ de _____ de 2012

(selo da entidade)

(sinatura solicitante)



**ANEXO VI
AVALIACIÓN DO RENDEMENTO DEPORTIVO**

a. Resultados máis significativos para deportes de equipo

Equipos da entidade	Clasificación nas últimas temporadas					
	10/11		09/10		08/09	
	Categor.	Clasific.	Categor.	Clasific.	Categoría	Clasific.
Observacións:						

b. Resultados máis significativos para deportes individuais

Deportistas máis destacables	Clasificación nas últimas temporadas					
	10/11		09/10		08/09	
	Posto	Campio.	Posto	Campio.	Posto	Campio.
Observacións:						

Asdo.: _____



**ANEXO VII
AVALIACIÓN DA INCIDENCIA SOCIAL**

- Para entidades con máis dunha disciplina ou modalidade deportiva, cubrirase este ANEXO VII, por cada unha delas. (Por exemplo, clubs polideportivos que teñan disciplinas como atletismo, voleibol, baloncesto, etc.)

TEMPORADA 2011-2012

DISCIPLINA OU MODALIDADE DEPORTIVA	
------------------------------------	--

CATEGORÍA MASCULINA

Relación de equipos da entidade por categoría	Categoría da competición	Número de deportistas
TOTAL		

CATEGORÍA FEMININA

Relación de equipos da entidade	Categoría da competición	Número de deportistas
TOTAL		

Asdo.: _____



ANEXO VII
AVALIACIÓN DA INCIDENCIA SOCIAL
TEMPORADA 2011 - 2012

- Titulación dos técnicos da entidade.

NOME E APELIDOS DOS TÉCNICOS DA ENTIDADE INDICANDO COMETIDOS	TITULACIÓN		
	T. superior (1)	T. de base (2)	Outras (3)

- (1) Técnico superior/adestrador nacional
(2) Técnico de base/adestrador rexional/monitor
(3) Licenciado/mestre EF, TAFAD, outras titulacións.

- Antigüidade da entidade

ANO DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE	
---------------------------------	--

- Ámbito de influencia da entidade

Breve nota sobre a orixe da entidade, arraigamento e nivel de implantación no seu ámbito de influencia (barrio, localidade ou comarca)

Asdo.: _____



ANEXO VII
AVALIACIÓN DA INCIDENCIA SOCIAL
TEMPORADA 2011 – 2012

- Programas para integración de discapacitados (breve descripción)

--

Asdo.: _____



ANEXO VIII
FICHA DE AVALIACIÓN DA SITUACIÓN ECONÓMICA DA ENTIDADE E CUSTOS DA
ACTIVIDADE
TEMPORADA 2011 - 2012

- Gastos por desprazamentos a competicións oficiais. Detallar por categorías, debendo acreditarlo con calendarios oficiais de competición.

Equipo/Deportista		Categoría	
N.º de compoñentes do equipo (xogadores e oficiais)			
N.º de km que realizará na temporada (só competición oficial)			
Sistema que utiliza para desprazarse			
Orzamento previsto para este fin			
Nivel da competición			

Equipo/Deportista		Categoría	
N.º de compoñentes do equipo (xogadores e oficiais)			
N.º de km que realizará na temporada (só competición oficial)			
Sistema que utiliza para desprazarse			
Orzamento previsto para este fin			
Nivel da competición			

Equipo/Deportista		Categoría	
N.º de compoñentes do equipo(xogadores e oficiais)			
N.º de km que realizará na temporada (só competicións oficiais)			
Sistema que utiliza para desprazarse			
Orzamento previsto para este fin			
Nivel da competición			

Equipo/Deportista		Categoría	
N.º de compoñentes do equipo (xogadores e oficiais)			
N.º de km que realizará na temporada (só competicións oficiais)			
Sistema que utiliza para desprazarse			
Orzamento previsto para este fin			
Nivel da competición			

Equipo/Deportista		Categoría	
N.º de compoñentes do equipo (xogadores e oficiais)			
N.º de km que realizará na temporada (só competicións oficiais)			
Sistema que utiliza para desprazarse			
Orzamento previsto para este fin			
Nivel da competición			

Equipo/Deportista		Categoría	
N.º de compoñentes do equipo (xogadores e oficiais)			
N.º de km que realizarán na temporada (só competicións oficiais)			
Sistema que utiliza para desprazarse			
Orzamento previsto para este fin			
Nivel da competición			

Asdo.: _____ Tesoureiro Asdo.: _____ Presidente



ANEXO VIII
FICHA DE AVALIACIÓN DA SITUACIÓN ECONÓMICA DA ENTIDADE E CUSTOS DA
ACTIVIDADE
TEMPORADA 2011 - 2012

- Gastos por desprazamentos a competicións oficiais. Detallar por categorías, debendo acreditarlo con calendarios oficiais de competición.

Equipo/Deportista		Categoría	
N.º de compoñentes do equipo (xogadores e oficiais)			
N.º de km que realizará na temporada (só competición oficial)			
Sistema que utiliza para desprazarse			
Orzamento previsto para este fin			
Nivel da competición			

Equipo/Deportista		Categoría	
N.º de compoñentes do equipo (xogadores e oficiais)			
N.º de km que realizarán na temporada (só competición oficial)			
Sistema que utiliza para desprazarse			
Orzamento previsto para este fin			
Nivel da competición			

Equipo/Deportista		Categoría	
N.º de compoñentes do equipo (xogadores e oficiais)			
N.º de km que realizará na temporada (só competicións oficiais)			
Sistema que utiliza para desprazarse			
Orzamento previsto para este fin			
Nivel da competición			

Equipo/Deportista		Categoría	
N.º de compoñentes do equipo (xogadores e oficiais)			
N.º de km que realizará na temporada (só competicións oficiais)			
Sistema que utiliza para desprazarse			
Orzamento previsto para este fin			
Nivel da competición			

Equipo/Deportista		Categoría	
N.º de compoñentes do equipo (xogadores e oficiais)			
N.º de km que realizará na temporada (só competicións oficiais)			
Sistema que utiliza para desprazarse			
Orzamento previsto para este fin			
Nivel da competición			

Equipo/Deportista		Categoría	
N.º de compoñentes do equipo(xogadores e oficiais)			
N.º de km. a realizar na temporada (só competicións oficiais)			
Sistema que utiliza para desprazarse			
Orzamento previsto para este fin			
Nivel da competición			

Asdo.: _____ Tesoureiro Asdo.: _____ Presidente



ANEXO VIII
FICHA DE AVALIACIÓN DA SITUACIÓN ECONÓMICA DA ENTIDADE E CUSTOS DA
ACTIVIDADE

- **Orzamento detallado de ingreso e gastos para a temporada 2011 - 2012**

GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE
1.-Trámites federativos (fichas, avais, outros)	
2.-Gastos de desprazamentos a competicións oficiais	
2.1. Transporte	
2.2. Estancias, comidas, etc.	
3.- Material deportivo	
4.- Arbitraxes/xuíces	
5.- Alugueiro instalacións	
6.- Honorarios técnicos deportivos	
7.- Honorarios xogadores	
8.- Gastos médicos	
9.-	
TOTAL GASTOS PREVISTOS	

INGRESOS

CONCEPTO	IMPORTE	
	ÚLTIMOS INGRESOS RECIBIDOS	PREVISIÓN 2011-2012
1.- Axudas de entidades oficiais		
1.1. Subvención Xunta de Galicia		
1.2. Subvención do respectivo concello		
1.3. Subvención da Deputación.....		
1.4. Outras subvencións públicas.....		
2. Patrocinadores privados.....		
3.- Ingresos por socios.....		
4.-		
5.-		
TOTAL INGRESOS PREVISTOS		

Asdo.: _____ Tesoureiro Asdo.: _____ Presidente



ANEXO VIII
FICHA DE AVALIACIÓN DA SITUACIÓN ECONÓMICA DA ENTIDADE E CUSTOS DA
ACTIVIDADE

LIQUIDACIÓN OFICIAL DE INGRESOS E GASTOS DO EXERCICIO DE 2011

GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE
1. Trámite federativos (fichas, avais, outros) 2. Gastos de desprazamentos a competicións oficiais. 2.1 Transporte 2.2 Estancias, comidas, etc. 3.- Material deportivo 4.- Arbitraxes/xuíces 5.- Alugamento instalacións. 6.- Honorarios técnicos deportivos 7.- Honorarios xogadores 8.- Gastos médicos 9.- 10.-.....	
TOTAL GASTOS	

INGRESOS

CONCEPTO	IMPORTES	
	EXERCICIO 2010	EXERCICIO 2011
1.- Axudas de entidades oficiais 1.1. Subvención Xunta de Galicia 1.2. Subvención do respectivo concello 1.3. Subvención da Deputación 1.4. Outras subvencións públicas 2. Patrocinadores 3.- Ingresos por socios 4.- 5.-		
TOTAL INGRESOS		

Asdo.: _____ Tesoureiro Asdo.: _____ Presidente

Nota importante: a relación de gastos e ingresos que figuran nesta liquidación oficial deberá coincidir fidedignamente cos respectivos asentos dos libros de contabilidade regulamentarios do club, podendo ser requiridos pola Deputación Provincial para a súa inspección.



ANEXO IX
AVALIACIÓN DO NIVEL DA COMPETICIÓN - TEMPORADA 2011-2012
(Cubrir un impreso por modalidade deportiva)

NOME DA ENTIDADE	
------------------	--

MODALIDADE DEPORTIVA	
----------------------	--

EQUIPO DA MÁXIMA CATEGORÍA DA ENTIDADE	
CATEGORÍA NA QUE MILITA	

MASCULINO		FEMININO	
-----------	--	----------	--

*Marcar con (x)

ÁMBITO DA COMPETICIÓN OFICIAL NA QUE PARTICIPA					
NACIONAL		AUTONÓMICO		PROVINCIAL	

*Marcar con (x)

SEGUNDO O ESPECIFICADO NO APARTADO ANTERIOR, INDICAR:	
ORDE NA QUE SE ATOPA A CATEGORÍA NA QUE MILITA, DE ACORDO COA ESTRUCTURA FEDERATIVA DE MAIOR A MENOR (1)	
NÚMERO TOTAL DE CATEGORÍAS FEDERATIVAS NESE ÁMBITO (2)	
SE FOSE O CASO, NÚMERO DE GRUPOS QUE COMPOÑEN A CATEGORÍA NESE ÁMBITO (3)	
NÚMERO DE EQUIPOS QUE INTEGRAN A CATEGORÍA NA QUE PARTICIPA (4)	
NÚMERO DE XORNADAS OFICIAIS, SEGUNDO O CALENDARIO DE COMPETICIÓN	

NO CASO DE PARTICIPAR EN COMPETICIÓN DE ÁMBITO NACIONAL, ESPECIFICAR SE FOSEN CLASIFICATORIAS PARA ALGÚN CAMPIONATO OU FASE INTERNACIONAL			
SI		NON	

*Marcar con (x)

SE A RESPONSA ANTERIOR FOSE "SI", INDICAR CAL SERÍA A COMPETICIÓN A QUE SE ASPIRA A NIVEL INTERNACIONAL

(1) Por exemplo .-1ª División de Honra; 2ªPrimeira Nacional; 2ªNacional...

(2) P.ex.-**Nacional**: División de Honra, Primeira Nacional, Segunda Nacional .Total : 3 categorías ; **Autonómico**: 1ª Autonómica, 2ªAutonómica. Total (2) categorías; **Provincial**: 1ªProvincial.Total:1 categoría.

(3) P.ex.- 1ª Nacional: Grupo "A"; Grupo "B"; Grupo "C"; Grupo"D". Total : 4 grupos

(4) P.ex.-1ª Nacional: Grupo "A" (14) equipos; Grupo"B"(14) equipos; Grupo "C" (15) equipos); Grupo "D"(16) equipos); TOTAL: 59 equipos.

Asdo.: _____

**ANEXO X**

Don/Dona _____, como secretario/a xeral da Federación Galega de _____,

CERTIFICO:

Que son certos os datos que a continuación se indican, referidos á temporada deportiva en vigor, 2011-2012.

- Club _____
- Número de equipos e licenzas inscritas nas categorías que se indican e en competicións oficiais. As licenzas referiranse exclusivamente ós deportistas. Non se reflectirán delegado, técnicos, etc.

DATOS DO CLUB:

NOME DO EQUIPO	CATEGORÍA: (<u>Infantil, xuvenil,</u> <u>júnior, promesa,</u> <u>sénior.....</u>)	NÚMERO DE LICENZAS FEDERADAS	
		MASCULINAS	FEMININAS
TOTAL LICENZAS DEPORTISTAS DO CLUB			

DATOS XERAIS DA FEDERACIÓN DEPORTIVA

	NÚMERO LICENZAS		TOTALS
	MASCULINO	FEMININO	
PROVINCIA OURENSE			
GALICIA			

Para que conste, para os efectos da solicitude de subvención ante a Excm. Deputación Provincial de Ourense, por parte do club arriba indicado, asino este certificado en _____, o ____ de _____ de 2012.

Selo da Federación

Sinatura

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

**ANEXO XI**

Don/Dona _____,
con DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, achégolle a documentación solicitada para
unir ó expediente de solicitude de subvención
para _____.

Ourense, ____ de _____ de _____

Asdo.: _____

(Nome e apelidos)

Diputación Provincial de Ourense

Anuncio

La Junta de Gobierno de esta Diputación acordó, en la sesión que tuvo lugar el día 6 de julio de 2012, aprobar las siguientes:

Bases reguladoras de la convocatoria de concurso público para la concesión de subvenciones a clubs deportivos de Ourense para el año 2012

Para cumplir dicho acuerdo se publica, a continuación, el texto íntegro de las mencionadas bases:

Primera.- Objeto:

El objeto de las presentes bases es la regulación de la tramitación y concesión de subvenciones, por parte de la Diputación Provincial de Ourense, destinadas a clubs deportivos de la provincia de Ourense, mediante convocatoria pública y a través del procedimiento de concurrencia competitiva, con la finalidad de financiar parcialmente los gastos derivados de su participación en la competición deportiva durante la presente temporada 2011-2012.

Segunda.- Beneficiarios

1. Podrán ser beneficiarios de las subvenciones reguladas en estas bases los clubs deportivos que reúnan los siguientes requisitos:

a) Estar inscritos en los registros deportivos correspondientes de la Xunta de Galicia.

b) Tener su domicilio social en la provincia de Ourense, circunstancia que deberá constar en la inscripción en el registro deportivo oficial de la Xunta de Galicia.

c) Participar, en la temporada 2011/2012, en competiciones oficiales, cualquiera que sea su ámbito, convocadas por sus respectivas federaciones.

d) Poseer, por lo menos, un equipo de base acreditado, es decir, inferior a la categoría sénior o absoluta. Para los clubs que compitan en disciplinas individuales se establece como requisito básico poseer un mínimo de cinco licencias federativas de deportistas de base en competición.

2. No podrán ser beneficiarios los clubs que sólo participen en ligas o competiciones locales, comarcales, exclusivamente en el deporte escolar, ligas de empresas o aquéllos constituidos como sociedades anónimas deportivas.

Tercera.- Disponibilidades presupuestarias

Para las subvenciones incluidas en la presente convocatoria se reserva crédito en la aplicación 341.11/482.01 del presupuesto general de la Diputación Provincial de Ourense para el año 2012, conforme a la modificación de créditos n.º 3/2012, aprobada inicialmente por acuerdo del Pleno de 29 de junio, por importe de ciento cincuenta mil euros (150.000,00 €), quedando condicionada la convocatoria a su aprobación definitiva.

Cuarta.- Cuantía máxima de las subvenciones

Las subvenciones tendrán una cuantía máxima de 10.000,00 euros por cada beneficiario.

Quinta.- Solicitudes: plazos, lugar de presentación y documentación

1. Las solicitudes, suscritas por el representante legal de la entidad interesada, irán dirigidas a la Presidencia de la Diputación Provincial de Ourense, mediante la presentación en el Registro General de esta entidad o a través de cualquier otro medio de los previstos en el artículo 38.4 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

2. El plazo improrrogable de presentación será de un mes, contado a partir del día siguiente al de la publicación de las presentes bases en el Boletín Oficial de la Provincia.

